

Autor

Xan Carlos Pérez Leira

Fotografía

José Luís Abalo

Ilustración

Marcela Santorun

Deseño e edición

Xan Leira

Deseño da portada

Armando Lago

Xan Leira

Maquetación

Diana Reiter

Ilustración en infografía

Armando Lago

Revisión lingüística

M^a Dolores Torres París

Neves Lorenzo

Héitor Mera Herbello

Uxío Breogán Diéguez Cequiel

Producción e distribución

Acuarela Comunicación sll

Caiagua 119 A, Baixo Dta.

Tel/Fax: 986 315 106

36955 Meira - Moaña, Pontevedra

xleira@arrakis.es

www.memoriadagaliza.com

© Xan Carlos Pérez Leira

© das fotografías: José Luís Abalo

© das ilustracións: Marcela Santorun

Printed in Spain

I.S.B.N. 84-607-5786-2

Depósito Legal: VG: 625-2002

Imprime: Gráficas Numen

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso por escrito de Acuarela Comunicación SLL.

Agradecementos: Toni de Seares, Teresa Rodríguez Castelao, Bernardo Souto, Ricardo Flores, Loís Tobío Fernández, Elixio Rodríguez, Xaime Illa Couto, Isaac Díaz Pardo, Mariví Villaverde, Xosé Luís Bóveda, Francisco Fernández del Riego, Eugenio Granell, Antonio Fraguas Fraguas, Avelino Pousa Antelo, José Claudio Calviño, Manuela Somoza, Soledad Figueral, Xosé Neira Vilas, Francisco Rey Balbís (*Moncho*), Raimundo García Rodríguez (*Borobó*), Ramón Esturau Calvo, Anisia Miranda, Ángel Augier, Fernando Vecino, Juan Manuel Pérez, Clotilde Iglesias, Mikel Ezquerru, Rosa Puente, Manuel Canabal, María Fernández López, Santiago Carrillo, Emilio Flores, Nely Crestar, Manuel Martínez Lamela, Álvaro Campos, Antonio Pérez Prado, Jorge Olivera, Cantadeiras do Berbés, Instituto Galego de Información, Grupo de Danza Doble Xiro, Programa Radial Sempre en Galiza (ROU), Enrique Lemos, Gonfederación Intersindical Galega (Migración e Formación), Municipalidad de la Ciudad de Bahía Blanca, Museo Histórico y Ciencias Naturales de Bahía Blanca, Rubén Buira (Cónsul de Arxentina en Galicia), Luis Felipe (Viceministro de Cultura de Cuba), Octavio Cortazar (Vicepresidente UNEAC), Lois Pérez Leira, Nelson Regueiro, Ramón Suárez (*O Muxo*), José Manuel Castelao Bragaña, José Abal (*Viajes Frías*), Enrique Acuña (*A Nosa Terra*), Xesús Costas Abreu, Ismael González, Manuel Martínez Barreiro, Xosé Lastra Muruais, Antón Palacio (Universidade de Vigo), Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina, Centro Galego de Bos Aires, Isabel Barros, Fundación Karakachoff, Enrique Albor (CIG-Madrid), Charo Portela, María América Díaz, María Díaz Rey, Segundo Grandío, Laura Areoil

sobre un filme
de **xan leira**

fotografías de **josé luis abalo**
ilustracións de **marcela santorum**

Castelao

OS IRMÃOS DA LIBERDADE



CO+LECCIÓN

MEMORIA VIVA

acuarela comunicación sll

Introdución / 12



Unha nova Galiza... / 14



Limiar / 6

por *Ángel Luís Hueso*



A traizón / 64

**A IIª República
e o Partido Galeguista / 28**



A vitoria / 52



Colofón / 162

por *David Otero*



A loita continúa... / 96



A morte... / 142

LIMIAR

A MEMORIA é un dos elementos máis definidores do ser humano; é un feito doadamente constatable que todas as persoas, e os mesmos grupos sociais, miran cara atrás con maior ou menor frecuencia; lembrar os acontecementos que vivimos, sexa de xeito individual ou colectivo, non é só unha posibilidade senón que chega a converterse nunha das necesidades máis acuciantes que ten a humanidade.

Porque non podemos esquecer que o ser humano se constrúe dun xeito progresivo ao longo da súa existencia; neste proceso, que sempre é difícil e complexo, adquire un valor fundamental a asimilación das vivencias previas, porque de ningún xeito podemos vivir nun presente absoluto que ignore o que supuxo cada un dos intres de noso pasado. Pero non se trata do mero recerdo senón que imos máis alá, cara ao que é unha clara asimilación dos trazos de cada instante e a súa integración nun proxecto vital.

Se estas características se producen nun plano individual, debemos recoñecer que adquiren unha validez moi superior cando as vemos referidas aos grupos sociais. Ao longo de toda a súa existencia a humanidade, ben no seu conxunto ben en determinados colectivos, procurou a integración dos seus trazos pretéritos, recoñecendo que cada momento do pasado ten unha importancia que vai máis alá da repercusión que puido ter sobre unha xeración concreta; deste xeito, o presente adquire un valor non só en si mesmo senón en tanto en canto se nos evidencia como debedor das situacións de épocas anteriores.

Esta asimilación do pasado pode ser valorada dende moitos puntos de vista, mais creo que no contexto deste prólogo hai dous que merecen ser salientados. Por unha banda, non debemos esquecer que a recuperación do pasado foi sometida sempre a unha serie de condicionantes que pesan de maneira radical sobre os individuos e as sociedades, pois a evolución histórica nunca foi lineal e aséptica, senón que polo contrario, soporitou presións de todo tipo.

Lembrar esta premisa no contexto español e galego pode parecer case absurdo, pois todos somos conscientes, por térmolos vivido de modo máis ou menos directo, dos graves avatares a que se viu sometida a nosa sociedade contemporánea; a trágica incidencia da guerra civil e a longa duración do réxime franquista, que dominou durante varias das décadas centrais do século XX, son elementos que deixaron unha pegada definitiva sobre moitos individuos e grupos sociais ao impedir un normal desenvolvemento das liberdades públicas.

O segundo aspecto que merece ser destacado é a constatación de que os modelos de recuperación da memoria histórica foron mudando ao longo dos séculos; os propios cambios que experimentou a sociedade condicionaron de modo decisivo o desexo de manter vivos os acontecementos do pasado, de forma que se utilizaron todo tipo de recursos, dende unha incipiente e rudimentaria tradición oral, que perviviu ata o presente malia as presións de todo tipo, ata os medios técnicos máis sofisticados dos tempos actuais, que abren perspectivas próximas á ciencia-ficción.

É doado constatar que a fusión destas dúas perspectivas está presente na obra de Xan Leira *Castelao e os irmáns da liberdade*; porque o libro que temos nas mans se instala coma un reto en que se unen de xeito radical o interese de incorporar determinadas persoas, situacións e vivencias do noso pasado recente, superando determinadas circunstancias que condicionaron a visión que se transmitira delas, coa incorporación de formas expresivas e técnicas propias do contorno en que nos movemos actualmente.

O rescate da memoria podería ser o subtítulo deste libro; o silencio, a manipulación, a presentación parcial dos acontecementos e das persoas, pesaron de maneira decisiva sobre moitos dos sucesos que viviu Galicia durante a Segunda República, a guerra civil e os anos máis duros da posguerra. A loita decidida por uns principios democráticos levou a moita xente a sufrir nas súas carnes e nas dos seus familiares a represión máis dura e o desapiadado exilio que os arrincaba das súas propias raíces; pero a iso uniuse a visión parcial e distorsionante (cando non o silencio

máis radical) que facía que as xeracións seguintes tivesen unha visión manipulada do que foran algúns feitos decisivos da nosa historia.

Fronte a todo isto houbo homes, entre os que se inclúe o noso autor, que adicaron os seus esforzos a conseguir que non caesen no esquecemento as persoas, as organizacións e os feitos que teimaron polo recoñecemento de Galicia como unha sociedade dotada de trazos propios que deben ter, tamén, un referendo no sentido político. Centrado na personalidade de Castelao quérese, en paralelo, render homenaxe a outros moitos que loitaron de xeito ímprobo por esta afirmación da galeguidade.

Pero xunto a iso, encontrámonos co trazo peculiar que domina nesta obra: a forza das imaxes. É a nosa unha sociedade en que o mundo icónico adquire un valor especial, posto que as imaxes nos rodean por todas partes e inciden sobre múltiples aspectos da nosa vida, dende os máis transcendentales ata os cotiáns; isto adquiriu especial importancia en relación á recuperación histórica, pois hai historiadores, como é o caso de

Rosenstone, que apuntan a hipótese de que a historia do presente, e sobre todo a que fagamos no futuro, non debe construírse soamente interpretando as imaxes do pasado, senón utilizando esas propias imaxes como elementos fundamentais da mesma historia.

Xan Leira alíñase entre aqueles que pensan que o xeito de facer a historia, é dicir, recuperar a nosa memoria, pasa por utilizar as imaxes coetáneas e as dos seus protagonistas con toda a súa forza. E fíxoo primeiro a través das imaxes animadas, cando construíu o filme que dá nome a esta investigación no que soubo sacar todas as posibilidades que tiñan os materiais da época, alternándoos cos testemuños directos das persoas que viviran os feitos. Desta maneira atopabámonos ante unha película que, ante todo, trasmitía vida, inmediatez nos records, personaxes que seguían vivindo os seus anos mozos a pesar do tempo trascorrido, ilusión e desexo de que os esforzos que se realizaran naquela época non fosen inútiles e tivesen unha aplicación no presente.

Mais, é indubidable, que a propia imaxe cinematográfica posúe unha serie de características propias que condicionan a súa accesibilidade e gozo; entre elas adquire unha especial importancia a rapidez da exhibición. A proxeción das imaxes, en si mesma, condiciona que desaparezan no momento en que xorden na pantalla, e aínda que os medios técnicos actuais desenvolveron fórmulas que conducen a superar esta circunstancia (o vídeo ou o DVD permiten a repetitividade das imaxes), non se consegue superar totalmente ese carácter de fugacidade.

Neste contexto, a aportación que fai Xan Leira lévanos a contemplar esta circunstancia dende unha perspectiva nova; a construción do seu libro, o que imos ler nestes intres, aínda que non pode desvincularse da película que foi a súa matriz, dalgún xeito ten vida propia, alcanza o seu pleno sentido no diálogo que emerxe nas súas páxinas, entre as imaxes dos protagonistas e as narracións duns acontecementos sempre impactantes.

Por iso creo que nos atopamos fronte a unha obra singular, non só no tema abordado e a forma reivindicativa que posúe, co que se intenta superar moitas das trabas que pesaron de modo decisivo sobre o noso pasado político máis radical, senón de forma especial polos recursos icónicos que a configuran, defendendo que a historia non é só unha serie de acontecementos, por moi importantes que sexan, senón tamén unhas persoas que os impulsaron e lles deron vida chegando a sacrificar á súa propia. Sexa benvido este esforzo por conseguir que o noso pasado histórico non caia no esquecemento e que as imaxes daqueles homes e mulleres permanezan vivas nas nosas retinas por riba do paso do tempo.

Ángel Luís Hueso

Catedrático de Historia do Cine,
Universidade de Santiago de Compostela